

Ao Conselleiro de Innovación e Industria

D. Fernando Xabier Blanco Álvarez

Consellería de Innovación e industria

Complexo administrativo San Lázaro s/n

15781 Santiago de Compostela

D. _____, con DNI nº _____ e domicilio a efectos de comunicación _____, como Presidente e representante legal da Asociación de Defensa Medioambiental SALVEMOS MONTEFERRO,

EXPÓN

Que estando en período de información pública o proxecto de construción do **Parque Eólico “Albariño I”** situado nos concellos de Baiona, Gondomar, Santa María de Oia e Tomiño, todos eles dentro da Provincia de Pontevedra, por ser lexítimo o interese e ó amparo da lexislación vixente, comparece e por medio do presente escrito formula as seguintes

ALEGACIÓNS

1º) Vulneracións da lexislación vixente.

O citado proxecto vulnera, en varias das actuacións propostas, o Real Decreto 1193/1998, de 12 de xuño, que modifica o Real Decreto 1997/1995, de 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre (B.O.E. 151, de 25-6-1998).

1º. 1) O proxecto de construción do parque eólico ocupa 50.68 Ha de superficie catalogada como “Breixeiras húmidas atlánticas meridionais de *Erica ciliaris* e *E. tetralix*” sendo este un Hábitat Prioritario segundo o Anexo I do citado Real Decreto, (apartado 4, “Breixeiras e matogueiras de zona tépeda” código 4020 Natura 2000)

Polo tanto alegamos que estas 50,68 Ha deben quedar excluídas da actuación prevista.

1º. 2) O proxecto “Albariño I” ocupa 0.25 Ha de superficie catalogada como “Turbeiras ácidas de esfagnos” sendo este un Hábitat Prioritario para a súa protección segundo o Anexo I apartado 71 do mesmo Real Decreto.

Alegamos polo tanto que estas 0,25 Ha deben quedar excluídas do proxecto.

1º. 3) O proxecto de construción do Parque eólico “Albariño I” non contempla a existencia na zona onde se pretende levar a cabo de “Cervunais con presenza de Cervún (*Nardus stricta*)” sendo este un Hábitat Prioritario segundo o Anexo I, apartado 62, código 6230 Natura 2000 do citado Real Decreto 1193/1998.

Alegamos en consecuencia que a ocupación da superficie onde se asenta este hábitat contradiría o legalmente estipulado, polo que non procede tal actuación.

1º. 4) A Lei de Montes 43/2003 (de ámbito estatal), de 21 de Novembro no seu Artigo 50 (*Mantenimiento y restauración del carácter forestal de los terrenos incendiados*) di:

1. *Las comunidades autónomas deberán garantizar las condiciones para la restauración de los terrenos forestales incendiados y queda prohibido:*
 - a) *El cambio de uso forestal al menos durante 30 años.*
 - b) *Toda actividad incompatible con la regeneración de la cubierta vegetal, durante el período que determine la legislación autonómica.*

Con carácter singular, las comunidades autónomas, podrán acordar excepciones a estas prohibiciones siempre que, con anterioridad al. Incendio forestal, el cambio de usos estuviera previsto (...)

Esta lei afirma, no seu artigo 2º (*Ámbito de aplicación*), que é de aplicación a todos os montes españois, especificando no seu apartado primeiro que “*en el caso de los montes vecinales en mano común, esta lei es aplicable sin perjuicio de lo establecido en su legislación especial*”.

Polo tanto, e despois dos incendios do pasado ano que afectaron de forma catastrófica a esta contorna, alegamos que o proxecto debe ser retirado polo menos ata o ano 2036.

1º. 5) O nome do proxecto, Albariño I, da idea de que estamos ante unha “primeira fase” dun proxecto maior. O fraccionamento de proxectos da mesma natureza realizados no mesmo espazo físico é algo que vulnera a legalidade. O proxecto presentado a

exposición pública debería ser o proxecto global de instalación de aeroxeradores nas diferentes fases que se pretenden levar a cabo.

Alegamos por tanto a necesidade de retirar o presente proxecto e presentar outro que recolla a actuación prevista globalmente contemplada.

2º) Vulneracións da Directiva 92/43/CEE

O proxecto alegado incumpre en varias das actuacións previstas a Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de marzo, relativa á Conservación dos Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

2º. 1) O proxecto de construción do Parque eólico “Albariño I” ocupa 304.22 Ha de superficie catalogada como “Breixeiros secos”, “Prados sobre sustratos turbosos”, “Vexetación casmofítica de pendentes rochosas. Subtipo silícola”, e “Pastos pioneiros en superficies rochosas” sendo os catro Hábitats de Interese Comunitario segundo o Anexo I: Tipos de Hábitats Naturais de Interese Comunitario para cuxa conservación é preciso designar zonas especiais de conservación, segundo a citada Directiva.

Alegamos polo tanto que non se pode proceder á ocupación destas 304.22 Ha.

2º. 2) No proxecto de construción do Parque eólico “Albariño I” preténdense construír aeroxeradores nunha superficie de 6.600 Ha. onde habitan as especies de morcegos: *Rhinolophus ferrumequinum*, *R. hipposideros*, *Myotis myotis* que se consideran Especies de Interese Comunitaria segundo o Anexo II: “Especies Animais e Vexetais de Interese Comunitaria para cuxa conservación é preciso designar zonas especiais de conservación”, estando incluídas tamén no Anexo IV que regula “as especies vexetais e animais que requiren unha protección estricta” segundo a citada Directiva.

Alegamos que, sendo os morcegos animais especialmente vulnerables pola instalación de aeroxeradores, a actuación proxectada danaría gravemente as poboacións destas tres especies cuxa “protección estricta” promove a citada Directiva, polo que non se pode levar a cabo tal actuación.

2º. 3) No proxecto de construción do Parque eólico “Albariño I” preténdense construír aeroxeradores nunha superficie de 6.600 Ha. onde habitan as seguintes especies de animais: *Lacerta schreiberi*, *Chalcides bedriagai*, *Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganoi*, *Alytes obstetricans*, *Pelobates cultripes* e *Bufo calamita* que se consideran, todas elas, Especies Animais de Interese Comunitario que requiren unha

“protección estricta” segundo o Anexo IV da Directiva citada. Téñase en conta, ademais, que moitas delas están catalogadas como especies endémicas do NO da Península Ibérica.

En consecuencia alegamos que a realización do proxecto “Albariño I” danaría gravemente ás poboacións destas sete especies polo que non procede de ningún modo esa actuación.

3º) Vulneracións da Directiva 79/409/CE

O proxecto “Albariño 1” vulnera a Directiva 79/409/CE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, que di no punto 1 do seu artigo número 4: “*As especies mencionadas no Anexo I serán obxecto de medidas de conservación especiais en canto ó seu hábitat, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución*”.

3º.1) O proxecto de construción do Parque eólico “Albariño I” ocupa unha superficie onde crían catro especies de aves: *Falco peregrinus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata* e *Caprimulgus europaeus*, que están incluídas no dito Anexo I da citada Directiva: Especies de Aves obxecto de medidas de conservación.

Sendo motivo de grave dano para estas aves protexidas as actuacións proxectadas alegamos a imposibilidade da súa realización.

3º. 2) O proxecto de construción do Parque eólico “Albariño I” ocupa unha superficie onde invernan dúas especies de aves: *Falco columbarius* e *Circus cyaneus*, que están tamén incluídas no Anexo I da citada Directiva.

A construción deste Parque eólico danaría a estas especies neste lugar e contradiría o artigo número 4 da dita normativa polo que alegamos que non se pode levar a cabo.

3º. 3) O proxecto de construción do Parque eólico “Albariño I” ocupa unha superficie onde se observan (nos pasos migratorios prenupcial e posnupcial) sete especies de aves: *Milvus migrans*, *Pernis apivorus*, *Hieraaetus pennatus*, *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Asio flammeus* e *Lanius collurio* todas elas incluídas no repetido Anexo I da citada directiva.

A realización das obras proxectadas danaría gravemente a conservación destas especies, polo que alegamos a imposibilidade de levalo a cabo.

3º. 4) O proxecto de construción do Parque eólico “Albariño I” ocupa unha superficie onde se observa unha especie de ave considerada como invernante en número reducido en Galicia como é *Lymnocrites minimus*.

A Directiva 79/409/CEE, á que nos vimos referindo, no seu Artigo 4, Punto 2, establece:

*“Os Estados membros tomarán medidas semellantes con respecto ás especies migratorias non contempladas no Anexo I cuxa chegada sexa regular, tendo en conta as necesidades de protección na zona xeográfica marítima e terrestre en que se aplica a presente Directiva no relativo ás súas áreas de reprodución, de muda e de **invernada** e ás zonas de descanso nas súas áreas de migración. A tal fin os Estados membros asignarán unha particular importancia á produción das zonas húmidas e moi especialmente ás de importancia internacional”*

Polo que alegamos que a realización deste proxecto entraría en total contradicción, unha vez máis, coa citada Directiva, polo que non é posible a súa realización.

4º) Outros danos á biodiversidade da zona.

Se ben todos os puntos anteriores destas alegacións (excepto o 1º.4 e 1º.5) se relacionan con graves danos á biodiversidade da zona, queremos citar aquí outras especies que non estando explicitamente protexidos pola lexislación vixente, supoñen un detrimento e posta en perigo da mesma:

4º. 1) O proxecto de construción do Parque eólico “Albariño I” ocupa 41.90 Ha onde se asenta unha importante poboación de *Ulex micranthus*, endemismo do S de Galicia e N de Portugal.

4º. 2) O proxecto citado ocupa unha superficie onde se asenta unha poboación de *Silene uniflora* especialmente interesante pola súa ubicación, lonxe do mar e a certa altitude, aparte de ser esta especie un endemismo das costas do NO da Península Ibérica

4º. 3) O Parque eólico “Albariño I” ocuparía unha superficie onde se observan dúas especies de aves consideradas de distribución local en Galicia como son o *Asio otus* e o *Lanius meridionalis*.

Polo que alegamos que a construción do Parque constituiría un grave dano para estas especies, polo que non debe levarse a cabo.

5º) Grave deterioro do patrimonio arqueolóxico.

A zona afectada por este Parque Eólico é dunha gran riqueza arqueolóxica que se vería gravemente afectada polas actuacións proxectadas. Ademais da protección legal da que son obxecto estes xacementos, son varios os colectivos e asociacións que traballan na divulgación e posta en valor deste importante patrimonio, traballo que se vería truncado coa perpetración deste proxecto:

5º. 1) A Mámoa do Arreiro 1 e a Mámoa do Arreiro 3 sufrirían un impacto severo coa realización desta obra.

Polo que alegamos a necesidade de modificar o proxecto para garantir a súa conservación.

5º. 2) A Mámoa do Arreiro 2 sufriría un impacto moderado coa realización da obra proxectada.

Polo que alegamos a necesidade de modificar o proxecto para garantir a súa conservación.

5º. 3) Os seguintes petroglifos sufrirían un impacto severo coa realización do proxecto:

Petroglifo do Alto do Lousado 1, Petroglifo do Alto do Lousado 2, Petroglifo do Alto do Lousado 3, Petroglifo do Alto do Corrubelo 1, Petroglifo do Alto do Corrubelo 2, Petroglifo do Alto do Corrubelo 3, Petroglifo do Alto do Corrubelo 6, Petroglifo do Alto do Corrubelo 7, Petroglifo do Alto do Corrubelo 10, Petroglifo do Alto do Corrubelo 15, Petroglifo da Portela 2 e Petroglifo de Xigüente 1.

Polo que alegamos a necesidade de modificar o proxecto para garantir a súa conservación.

5º. 4) De levarse a cabo as obras proxectadas tamén se verían afectados os *muíños rupestres* do Campo do Lobo e os da Cova da Moura, de altísimo valor e interese arqueolóxico.

Polo que alegamos a necesidade de modificar o proxecto para garantir a súa axeitada conservación.

6º) Deterioro do patrimonio xeolóxico

A realización da obra proxectada incidiría moi negativamente na coñecida como Cova da Moura, unha *cova granítica de fisura* única en Galicia, só comparable en importancia e interese xeolóxico á de Pico Sacro, se ben esta última non é granítica.

Polo que alegamos a necesidade de modificar o proxecto para garantir a súa conservación.

7º) O deterioro da cabana de cabalo galego e a desmesura dos terreos afectados

A desmesurada extensión de terreos que ocuparía o Parque (dous millóns de metros cadrados para construír 21 aeroxeradores) levaría aparelados graves danos á cabana de cabalo de pura raza galega, tanto pola presenza dos aeroxeradores como pola diminución sensible dos pastos. Actualmente viven

en liberdade na zona afectada arredor de 2.500 exemplares desta especie autóctona nun hábitat xa moi danado polos recentes incendios forestais.

Polo que alegamos a necesidade dunha drástica redución do espazo afectado polo proxecto, así como a preservación das áreas de pasto.

8º) Grave dano á riqueza etnográfica

O exposto no parágrafo anterior leva aparellada a posta en perigo dos curros que se celebran cada verán en A Valga, Mougás, Torroña e San Cibrán, festas ancestrais de enorme valor etnográfico, cultural e mesmo turístico.

Polo que alegamos a necesidade dunha drástica redución do espazo afectado polo proxecto.

9º) Grave impacto paisaxístico

A construción dos 21 aeroxeradores que contempla o proxecto causará un grave impacto paisaxístico na comarca do Val Miñor e na zona litoral comprendida entre Baiona e A Guarda ó estar proxectada a súa construción nos lugares de maior altitude da bisbarra.

Ademais do grande valor paisaxístico que atesouran, estas terras sofren e teñen sufrido importantes danos ambientais derivados das súas posibilidades turísticas, polo que esta actuación non debería sumarse a eses danos se se obra de maneira consecuenta.

Polo que alegamos a conveniencia da retirada total do proxecto.

10º) A Enerxía eólica como enerxía alternativa.

Do diccionario: **Alternativo-a:** 1.- Que se sucede por quenda. 2.- Opcional. 3.- Alternación, cambio por orden. 4.- Opción; elección.

Esta asociación non está en contra da explotación da enerxía eólica. Máis ben ó contrario. Outra cousa é que, baixo esta denominación, se oculte unha nova maneira de ocupación/destrución do territorio público para beneficio duns poucos.

Empresas fortemente subvencionadas (subvencións que pagamos todos), que só buscan o beneficio propio utilizando palabras como “ecolóxica”, “renovable”, “sostible” ou “alternativa”..

Como vimos de ver na definición do termo alternativo-a, sería correcto aplicalo se a enerxía producida deste xeito, significara a redución da producida con outros métodos altamente contaminantes. ¿Deixaría de producir a central termoeléctrica de As Pontes os megawatios que no seu caso producirían estas instalacións?.

A realidade é un suma e segue. Destrúe, enriquécete utilizando o que é de todos, e segue buscando: seguro que hai máis. Pero, por favor, non no nome da ecoloxía.

CONCLUSIONES

O proxecto do Parque Eólico “Albariño I” vulnera a lexislación vixente, tanto española como europea. Suporía un grave deterioro da biodiversidade e unha gran agresión ós patrimonios etnográfico, arqueolóxico, paisaxístico e xeolóxico dunhas bisbarras consideradas de interese turístico.

A Comunidade Autónoma de Galicia exporta ate un 40% da enerxía eléctrica que produce, polo que non cabe considerar de ningún modo esta actuación como prioritaria.

As mensaxes habilmente divulgadas por algúns medios de comunicación sobre a creación de postos de traballo (?) e a dinamización económica da zona non enganan a ninguén medianamente informado. A única dinámica estaría nos muíños dando voltas e a riqueza económica nas mans e petos duns poucos.

Para os habitantes destas terras quedaría, iso si, a destrución e a perda de moitos valores dos eidos nos que nacemos.

Polo que alegamos a necesidade da retirada total do proxecto.

Nigrán, 29 de agosto de 2007

Asdo. _____